

Aprobadas 15 obras por importe de 1,2 millóns de euros

Cinco praias de Oleiros son distinguidas coa bandeira azul

Páxina 11



Concello de  Oleiros

O Concello logra 1,4 millóns da Deputación para diversas obras e servizos

Páxina 7

Vivir en Oleiros

Número 60
Xuño 2018
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Extraordinarias actuacións nos festivais de fin de curso



A obra do tanque de tormentas finaliza en agosto

Páxina 8

A cadela Nuba visita as escolas infantís para sensibilizar os nenos e as nenas

Páxina 10

O alumnado da Escola Municipal de Danza brilla sobre o escenario do García Márquez

■ O Auditorio Gabriel García Márquez acolleu un ano máis os festivais de fin de curso da Escola Municipal de Danza. Os máis cativos e cativas da escola completaron unha actuación brillante cunha maxistral adaptación de Peter Pan. Os máis maiores mesturaron danza clásica, contemporánea e danza urbana en Un día no museo, ofrecendo tamén un espectáculo extraordinario.

O grande esforzo que realizaron ao longo de todo o curso os alumnos, os profesores e os pais viuse recompensado con estas maravillosas interpretacións, que recibiron unhas impresionantes ovacións por parte de todo o público que se deu cita nestas funcións.

A XXIV edición de Alfaroleiros celébrase entre os días 1 e 5 de agosto

Páxina 21

O bus urbano da Coruña entra en Santa Cristina

A liña de bus urbano da Coruña 1A incorporará ao seu itinerario unha parada en Santa Cristina. O Goberno municipal logrou o entendemento entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a Compañía de Tranvías para prestar este importante servizo público. Desta maneira, elimínanse vehículos das estradas reducindo os atascos e os problemas de aparcamento.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Desde **Alternativa dos Veciños** queremos convidarvos a participar na **Romaría** que organizamos o vindeiro **sábado 7 de xullo a partir das 12.00 h da mañá na Finca Tenreiro**, en Vilanova - Nós.

A entrada é libre con mesas e cadeiras para xantar.

Podedes traer a comida da casa ou mercar alí polbo, churrasco, empanada, postres, viño, cervexa, refrescos... a prezos populares, xa que estará connosco a Pulpeira de Melide Tamén teremos foliada, charanga "Os charangos", xogos populares e inchables para a rapazada...

Agardámosvos!

Para organizarnos mellor, fala co/a concelleiro/a da túa parroquia ou chama ao 981 610 000, extensión 1216.

www.alternativadosvecinos.org
www.facebook.com/alternativadosvecinos

II Romaría Alternativa dos Veciños na Finca Tenreiro

Alternativa dos Veciños



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Unha caricatura para Pedro Sánchez, señor Seoane

Estes días vivimos un cambio de goberno que quero comentar cos meus veciños tras vivilo como deputada. O feito obxectivo é que o partido perdeu as eleccións (PSOE) ao obter 85 escanos, 52 menos que o PP, e obtivo o goberno de España grazas a unha moción de censura apoiada tamén polos independentistas cataláns e vascos. É dicir, polos soberanistas que consideran a España e aos españois como inimigos das súas ambicións.

Outro obxectivo é que, xa sexa en coalición ou en minoría, ningún Executivo do noso entorno Europeo goberna co apoio tan limitado como o de Pedro Sánchez. E aquí vai a miña opinión: considero que esta debilidade extrema compromete a estabilidade do noso país e os retos aos que se enfrenta.

Non discutirei a legalidade da moción de censura: son constitucionalista. Pero si quero poñer de

manifesto o oportunismo persoal e partidista para facerse co poder sexa como for, no caso do señor Sánchez e a esquerda radical, e a oportunidade para debilitar España no caso dos soberanistas.

E tamén a elegancia democrática do expresidente Rajoy na saída, facilitando a entrada do novo goberno e abrindo inmediatamente a sucesión no seu partido. Non é o caso doutros

políticos que se aferran ao cargo, verdade señor Seoane? Esperemos que a caricatura que preside a Pasaxe sexa coñecida coma a dun expresidente que se fixo cargo dun país ao borde da quebra e que o deixa cun paro reducido a niveis de 2008. Ou que a substitúan pola de Pedro Sánchez, agora responsable da infraestrutura, e a súa caricaturesca corte de apoios.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Outro ano máis, a sangra-lo peto coa ORA

Semella que foi onte, pero xa chega de novo o verán, o mes de xuño, e o Concello a prepara-las súas arcas para nutrirse cos petos dos veciños e visitantes, a través do cobro da ORA, un ingreso municipal sobre o que moitos teñen moitas dúbidas sobre a súa lexitimidade e xustiza.

Segundo verbas do goberno municipal, trátase dun servizo público que favorece a todos, e que está moi estendido en case que todos os concellos de España, a prol da mobilidade. Os socialistas de Oleiros cremos que os obxectivos son meramente recadatorios, e xa propuxemos en varias ocasións ao

alcalde no Pleno que levase a cabo un sistema de control horario de balde, como fan noutros concellos se esta ansia de sangra-los cartos dos veciños.

Resulta especialmente sangrante o tema da ORA en Santa Cristina, localidade totalmente esquecida polo goberno municipal a tódolos

efectos, salvo no intre de enche-las arcas.

Os socialistas de Oleiros propoñemos unha vez máis que se implanta un sistema de aparcamento controlado de balde, e, sobre todo, esiximos que se estableza unha zona verde para residentes, os máis prexudicados en todo caso.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Galiza non é unha mina e a nosa ría non é unha esterqueira

Cando escribimos isto aínda ecoan as case 100.000 gorxas que enchemos este domingo 10 de xuño a praza do Obradoiro contra o proxecto megamiñeiro que queren instalar entre os concellos do Pino e Touro. A mobilización cidadá parou o proxecto megamiñeiro de Corcoesto, no fértil corazón de Bergantiños, e a ben seguro botará da

nosa terra un proxecto que ameaza as augas do Ulla, as que chegan á Ría de Arousa.

Moito máis preto, un proxecto igual de disparatado ameaza a nosa ría: unha planta de pre-tratamento de aceites e hidrocarburos que queren chantar no peirao de Oza, a menos de 500 metros desta praia coruñesa, en pleno porto

pesqueiro e a ben pouca distancia en liña recta de Santa Cristina e Bastiagueiro ou dos maltratados bancos marisqueiros da Pasaxe. Unha bomba de reloxaría que de ningún xeito podemos consentir.

Alertados pola asociación veciñal do barrio dos Castros, os concellos de Oleiros, A Coruña e Cambre acordaron posi-

cionarse contra esta planta e pedir á Consellaría de Medio Ambiente que non autorice esta barbaridade. Ademais das alegacións que presentemos concellos ou asociacións, temos claro que só unha mobilización social contundente pode parar isto. Collamos exemplo da veciñanza de Touro e O Pino, e antes de Bergantiños, e pasemos á acción.

EDITORIAL • Pisando forte

◆ No xornal anterior titulabamos a editorial “España patas arriba” e criticabamos a situación que padeciamos no noso país, demandando que era necesario poñer os pés no chan para avanzar no progreso e situar a España no lugar que lle corresponde en Europa. Nese momento, igual que o resto dos españois, non contabamos cun cambio tan radical nas políticas do Estado, pero a Constitución e os seus mecanismos democráticos brindaron esa posibilidade a través dunha moción de censura construtiva.

No marco dun Goberno desgastado e deslexitimado pola profunda corrupción tanto de altos cargos do Partido Popular como da organización en si mesma –condenada pola xustiza- e por unhas políticas de recortes sociais e desatención ás demandas de moitos sectores da sociedade como os pensionistas, fixeron posible a unión de distintas forzas políticas na votación dunha moción de censura presentada polo PSOE como táctica política. De súpeto, atopámonos cun Goberno presidido por Pedro Sánchez tras un auténtico triunfo nunca antes

visto na historia da democracia española que cambia a orientación política do Estado.

A maiores, hai que ter en conta a cantidade de trabas que lle foron postas a Sánchez dentro do seu partido e por parte dos medios de comunicación. Os propios partidos políticos rivais chegaron a bautizalo como “Pedro el breve” despois da súa investidura errada, pero vista a súa traxectoria actual, terán que ir pensando en chamalo “Pedro el grande” polo seu rexurdir das cinzas dos que o queimaron. O éxito da súa imaxe política, da súa táctica e a súa constancia levárono a acadar a través do recurso do artigo 113 da Constitución a Presidencia do Goberno de España.

Algo ten Pedro Sánchez. A sociedade e a política terán que ir valorándoo. Tempo ao tempo. A formación do Goberno con máis mulleres do mundo, todas elas altamente formadas e cunha gran traxectoria, tamén é unha estratexia que responde ás demandas de igualdade dunha inmensa maioría da sociedade. Esta persoa, este político, parece ter os pés no chan e pisa forte.

Orgullosos de vivir en OLEIROS



O pleno aproba 15 proxectos con cargo ao superávit de 2017 ▼

◆ No pleno ordinario do mes de maio aprobáronse as propostas do Goberno municipal para a realización de diversas obras e servizos no municipio por valor de 1.230.300,61 euros. Estes fondos proceden do superávit obtido no pasado exercicio de 2017, orixinado pola eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos. No mes de xuño aprobaranse outro conxunto de actuacións con cargo ao superávit de 2017, que en total é de 1.891.271,59 euros. Ademais, o Goberno municipal está a redactar novos proxectos por importe de 2,5 millóns de euros con cargo ao remanente de tesourería.

Ordenación do Parque Costeiro Metropolitano de Bastiagueiro



Nos vindeiros meses procederase á creación do gran parque público na franxa costeira entre o actual parque das Galeras e a praia de Bastiagueiro. Está prevista a ordenación de todo o ámbito, de 70.000 metros, coa plantación de árbores e céspede, creación de sendas, instalación de mobiliario urbano e construción dun aparcadoiro público. O custo total desta actuación é de 522.050,24 euros, dos que a Deputación provincial achegará 134.020,12 euros grazas á sinatura dun convenio. Esta obra sairá a contratación no mes de xullo.

► **388.030,12 euros**

Restauración e tratamento da madeira de parques públicos e paseos marítimos ▼



Actuacións encamiñadas a aumentar a vida útil do mobiliario de madeira existente no paseo marítimo Manuel Rial de Mera, no parque das Galeras, na pasarela de acceso ao castelo de Santa Cruz e no parque da urbanización O Graxal.

► **110.299,69 euros**

Acondicionamento das rúas Río Xallas, Río Ulla e Río Eo ▼



Este proxecto levará a cabo a pavimentación das rúas da urbanización Os Regos que se atopan en peor estado de conservación. Renovarase as beirarrúas e a capa de rodaxe da calzada.

► **163.297,41 euros**

Melloras das casas do pobo de Lorbé e Dexo ▼



Na casa do pobo de Lorbé procederase á instalación dun ascensor, pintarase toda a fachada do edificio, realizaranse diversas melloras exteriores e interiores e demolerase o antigo local da chave para crear un almacén nese espazo. Na casa do pobo de Dexo repararase e pintarase a fachada e instalarase unha reixa para evitar o acceso á cuberta desde o muro anexo á edificación.

► **143.170,62 euros**

Creación dun parque infantil na urbanización As Torres ▼



Instalarase un novo parque infantil na parcela central da urbanización As Torres e ordenarase a zona verde existente.

► **78.564,62 euros**

Ornamentación de rotondas ▼



Está prevista a ordenación e decoración con diversos motivos das dúas rotondas de acceso á urbanización O Graxal, a rotonda das Torres en Oleiros e a rotonda de Abeleiras en Dorneda.

► **48.398,05 euros**

Pavimentación do aparcadoiro da Mazota ▼



Este aparcadoiro público, moi empregado por veciños e turistas por estar situado xunto ao paseo marítimo de Santa Cristina e nas proximidades do centro cultural A Fábrica, precisa unha renovación do seu firme.

► **37.671,45 euros**

Pavimentación das rúas Mapoulas e Abella ▼



Actuación dirixida á renovación do pavimento destas dúas rúas situadas na parroquia de San Pedro de Nós. Ademais, na rúa da Abella aproveitarase para instalar a rede de abastecemento de auga.

► **53.430,38 euros**

Renovación da cuberta do parque José Couso ▼



Acometerase a substitución do teito da pérgola do parque José Couso, mantendo a estética e o deseño que existe actualmente.

► **38.948,27 euros**

Almacén na pista polideportiva da II República ▼



Construción dun almacén ao carón da pista deportiva situada na avenida da II República, en Perillo. Este local dará servizo para gardar diversos materiais á Asociación de Veciños A Ría e á comisión de festas.

► **34.676,45 euros**

Mellora da pista polideportiva do Seixal ▼



Renovación do pavimento existente na pista polideportiva situada na rúa do Lameiro, no Seixal, e dotación de diverso equipamento deportivo.

► **33.172,32 euros**

Escultura de homenaxe aos maiores ▼

O Concello de Oleiros vai realizar nos vindeiros meses unha homenaxe ás persoas maiores do municipio coa colocación dunha estatua en bronce no paseo marítimo de Santa Cristina. De todos e todas é coñecida a participación de avoas e avós no coidado dos netos e netas.

► **33.000,00 euros**

Pintado dos farois do paseo marítimo de Santa Cristina ▼



Aplicarase unha nova capa de pintura de recubrimento nas bases dos farois para minimizar a corrosión e degradación que sofren pola súa proximidade ao mar.

► **5.389,75 euros**

Construción do peche da futura sede da Escola Municipal de Surf ▼



As obras consistirán na demolición do actual peche da casa de propiedade municipal que se atopa nas inmediacións da praia de Bastiagueiro e na súa substitución por un muro de cachotaría rematado por un cerramento de forxa. O muro de cachotaría existente na fronte da parcela manterase.

► **27.380,01 euros**

Coordinación dos plans de seguridade e saúde ▼

O Goberno municipal financia os plans de coordinación de seguridade e saúde que se precisan para executar as obras que está previsto realizar por parte do Concello de Oleiros no ano 2018.

► **31.666,25 euros**

Peche dos foxos do parque do Graxal ▼



Está previsto o cerramento dun antigo foxo de atraque para as lanchas, que non ten uso na actualidade, que se atopa no Graxal.

► **3.205,22 euros**

O Concello recibe máis dun millón da Deputación para a realización de diversas obras e servizos

◆ O pleno da Deputación da Coruña, no que participou o alcalde como deputado provincial, acordou a aprobación das obras do Plan de Obras e Servizos provinciais do 2018 POS+ destinando 1.476.441,12 euros para a realización de diversos proxectos en Oleiros. Está previsto que as obras poidan estar en execución despois do verán, unha vez remate todo o procedemento administrativo de contratación.

● **Renovación de beirarrúas e servizos na avenida Rosalía de Castro, en Perillo:** 215.217,35 euros



O Concello de Oleiros asinou un convenio coa Xunta de Galicia para o traspaso desta estrada autonómica, desde a rotonda do Lucín ata a ponte da Pasaxe. Despois da obra de reurbanización que realizará o Concello, a Xunta asfaltarán toda a calzada deste tramo, que ten un custo de 96.000 euros.

● **Construción de beirarrúas en Lorbé, desde Casa Méndez ata o linde con Sada:** 193.965,21 euros



Esta importante obra, que supera os 400.000 euros, vai ser abordada con fondos provinciais e municipais. Ante a demora e pasividade da Xunta na contratación, o Concello realizará esta importante e necesaria mellora da seguridade viaria nunha estrada de titularidade autonómica.



● **Construción dunha cuberta e outras melloras na pista polideportiva da casa do pobo de Dorneda:** 126.999,18 euros



● **Pavimentación da rúa A Seara, en Nós:** 100.572,56 euros



● **Pavimentación das rúas da urbanización O Xunqueiro, en Mera:** 129.743,21 euros



● **Pavimentacións no Valiño, en Nós:** 164.811,53 euros

● **Renovación da rede de abastecemento da rúa Pombal, en Perillo:** 102.283,90 euros

● **Renovación do Bombeo das Pedras, en Perillo:** 62.989,81 euros

● **Renovación do pavimento, das beirarrúas e da rede de abastecemento de auga na rúa Miraflores, en Oleiros:** 57.643,67 euros

● **Pavimentación da rúa Pexeguerio, en Montrove:** 55.084,14 euros

● **Pavimentación dun tramo da rúa Avelino Cachafeiro, en Nós:** 38.169,14 euros

Finaliza a reforma do pazo de Arenaza

◆ O pasado mes de maio remataron as obras de adecuación do interior do pazo de Arenaza que pasará a ser un centro de traballo compartido. Creáronse numerosas oficinas e despachos, salas de reunións, aulas de formación, zonas de descanso e outros espazos comúns. Agora está previsto que a Deputación convoque unhas bolsas para que persoas emprendedoras e investigadoras poidan desenvolver nestas instalacións a súa actividade profesional.



A rotonda de Santa Cruz mellora a circulación notablemente ▶

◆ Nestes días están a rematar os traballos de construción da rotonda do centro de Santa Cruz, que eliminou un importante tapón para o tráfico nunha estrada cun elevado volume de vehículos. Con esta obra tamén se crearon máis espazos de aparcamento e humanizouse o centro desta localidade. Nos próximos días remataranse os traballos de ornamentación da glorieta que pretende recrear as ondas do mar con madeira de bateas, granito branco, aceiro e un pequeno estanque.



A obra do tanque de tormentas estará rematada en agosto ▶

◆ Os traballos de construción do tanque de tormentas, no centro de Santa Cruz, finalizarán nas vindeiras semanas. A obra, que ten un custo de máis de 3 millóns de euros, impedirá que se produzan verteduras puntuais os días de fortes precipitacións. A zona do parque Luis Seoane que permaneceu pechada pola realización das obras, onde estaba situado o parque infantil, quedará renovada por completo e será ampliada con novos xogos para todas as idades.



O alcalde insiste na necesidade da conexión da vía Ártabra coa AP-9

◆ O alcalde, Ángel García Seoane, mantivo unha reunión coa conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, na que solicitou información sobre a situación na que se atopa a conexión da vía Ártabra coa AP-9. Segundo a conselleira, está previsto que no mes de xullo sexan ocupados os terreos para, posteriormente, solicitar o correspondente informe ao Ministerio de Fomento e contratar a obra antes de que remate o 2018.

Entran en funcionamento as novas instalacións do Servizo Municipal de Emerxencias ▶

◆ O pasado 17 de xuño inauguráronse as novas instalacións do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil no polígono de Iñás. A obra tivo un custo de preto de 278.905 euros.





Mera conta cun novo aparcamento gratuito

◆ O Goberno municipal logrou un acordo coa familia López Calvo para destinar unha parcela de 2.000 metros cadrados ao estacionamento de vehículos durante o verán. Este novo aparcadoiro público atópase na rúa Curros Enríquez, a escasos metros da praia de Mera, e ten capacidade para máis de 100 coches.

A rúa Fuxeira e a rúa Fieitos pasan a ser dirección única

◆ Ante o elevado número de vehículos que estaban a empregar a rúa Fuxeira para dirixirse cara á estrada de Montrove e Oleiros e as altas velocidades ás que pasaban por unha zona totalmente urbana como son as rúas da zona de Cavamontes, a rúa Fuxeira pasará a ser de sentido único de baixada cara a Santa Cristina. Igualmente, a rúa Mauritania e a rúa da Piscina volverán ter o sentido de circulación anterior aos cambios realizados con motivo das obras do sifón.

En Bastiagueiro, a rúa Fieitos tamén quedará de dirección única en sentido subida, desde a praia ata a urbanización As Galeras. A invasión de coches na franxa costeira está a crear problemas de seguridade viaria.

O Concello ingresa 1,4 millóns coa venda dos terreos do campo de golf

◆ A Xunta de Compensación de Xaz fixo efectiva a venda dos terreos do campo de golf que se construírá en Dorneda, na nova urbanización. O prezo final da venda da parcela foi de 2,6 millóns de euros. O Concello recibirá 1,4 millóns e as persoas propietarias dos terreos 1,2 millóns. Os compradores terán que asumir ademais os gastos de urbanización do campo de golf que ascenden a 1,5 millóns, e deberán ter finalizada a construción da instalación deportiva nun prazo de dous anos.

No que vai de ano concedéronse 271 licenzas para obras

◆ Durante o que vai de ano o Concello de Oleiros concedeu 22 licenzas de obra maior para novas construcións, 54 licenzas para aperturas comerciais e novas empresas e 195 permisos para obras menores.

Acométese a demolición da vivenda ruínosa da Hedreira



◆ Os propietarios dunha vivenda en ruínas situada na rúa Hedreira procederon á súa demolición tras os requirimentos do Concello de Oleiros. Ademais do grande abandono que presentaba a casa, a maleza tiña invadida toda a parcela co conseguinte risco de incendio. Diversos veciños e veciñas trasladaron as súas queixas polo estado no que se atopaba a parcela.

SE TES CAN,

TES OBRIGAS

O Concello presenta alegacións contra a instalación da planta de residuos tóxicos na dársena de Oza

■ O Concello de Oleiros remitiu un documento á Xunta de Galicia para impedir a instalación dunha planta de tratamento de residuos no porto pesqueiro de Oza. No documento explícase que a situación xeográfica desta planta supón un grave risco para os bancos de produción marisqueira da ría do Burgo e un atentado ecolóxico contra as praias de Oza, Santa Cristina e Bastiaqueiro.



◆ O Plan de utilización dos espazos portuarios da Coruña non permite a instalación dunha planta deste tipo na dársena de Oza. O proxecto non detalla cales son as plantas de tratamento autorizado onde se prevé verter os residuos MARPOL e os aceites almacenados, que estarán á intemperie. Tampouco se dan detalles, nin se concretan protocolos, nin alarmas, nin medidas de prevención nin de control ante posibles accidentes. Ademais, superáranse as 100 toneladas e é obrigatoria a apertura dun procedemento de impacto ambiental ordinario para outorgar a licenza.

No caso de que a Xunta de Galicia non estime as alegacións presentadas polo Concello de Oleiros e continúe co proceso, o Goberno municipal ten previsto recorrer aos tribunais. A empresa que pretende realizar esta actividade xa foi denunciada ante os tribunais polo Concello por verter os residuos que recollía no porto da Coruña polos sumidoiros da urbanización Icaria.

Numerosos veciños participan na inauguración do novo local municipal de Mera e da cuberta da Lagoa



◆ Numerosos veciños e veciñas participaron no acto de inauguración dos novos locais municipais de Mera, que de maneira prioritaria utilizarán a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca e o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera. O local, de 220 metros cadrados, dividiuse en dous espazos, para a realización das actividades da asociación de veciños e para un ximnasio para o club de remo. A apertura destes locais fíxose coincidir cun concerto da artista Ses, para estrear tamén a cuberta construída no parque da Lagoa.

A cadela Nuba visita de novo as escolas infantís de Oleiros ▼



◆ O Concello de Oleiros desenvolveu, un ano máis, unha actividade de sensibilización con cans entre o alumnado de 2 e 3 anos das 4 escolas infantís públicas do municipio. A protagonista da actividade é Nuba, unha fermosa cadela Golden Retriever de 4 anos, a través da cal os máis pequenos e pequenas aprenden como achegarse a un can, como hai que pasealo. Coñecen as súas partes, cepíllana e páséana... , o obxectivo é que os/as menores saiban o que deben e o que non deben facer ante un can para coñecelos, coidalos axeitadamente e evitar accidentes.

Oleiros seguirá tendo cinco praias con bandeira azul ▼



◆ Oleiros segue a ter os mellores areas da comarca da Coruña. As praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Naval, Mera e Espiñeiro pendurarán a Bandeira Azul este verán. O Castelo de Santa Cruz e a Aula do Mar tamén estarán considerados como centros azuis e, ademais, a costa do municipio vol-

veu ser distinguida como sendeiro azul polo elevado número de quilómetros de paseos e sendeiros existentes a carón do mar ao longo de todo o litoral.

O Concello de Oleiros realiza un traballo moi serio e rigoroso neste ámbito. Todas as

praias do municipio están dotadas de múltiples servizos. Ademais, Oleiros destaca pola conservación e ordenación dos contornos das praias e de todo o litoral. Tamén existe unha ordenanza, pioneira en Galicia, que contempla unha normativa que garante a convivencia e a seguridade dos bañistas.



◀ A calidade da auga, excelente

A Consellería de Sanidade notificou ao Concello de Oleiros que a clasificación sanitaria da auga das praias de Espiñeiro, Mera, Naval, Bastiagueiro e Santa Cristina é excelente. Para determinar estes valores, a Xunta de Galicia utiliza un sistema de cálculo europeo.

O Concello contrata 55 persoas para manter a calidade dos servizos durante o verán ▼

◆ Durante os meses de verán prodúcese un importante incremento de persoas no municipio que obriga a reforzar os servizos públicos para manter a súa calidade. É por iso que o Concello de Oleiros contratou un total de 55 persoas: 43 persoas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo, 4 auxiliares de policía, 3 técnicos de turismo, 9 persoas para o servizo de limpeza de praias e 5 para a brigada de limpeza forestal. Ademais, foi contratada por 295.228,38 euros unha empresa para a limpeza diaria dos areas durante os veráns de 2018 e 2019.

Unha grande parte de todos eses gastos extraordinarios, que superan no seu conxunto os 300.000 euros, pódense afrontar cos recursos procedentes da ORA, que ademais fomenta a rotación de vehículos e impide que os mellores estacionamento estean ocupados todo o día polos mesmos coches.



Por un transporte público digno!

En 2019 finalizarán as actuais concesións e os novos contratos deberán cubrir as necesidades da cidadanía ▼

O Goberno municipal, xunto coas entidades veciñais e sociais, leva demandando durante moitísimos anos a mellora do transporte público na comarca. Os distintos gobernos da Xunta de Galicia sempre fixeron oídos xordos ás reivindicacións e ás necesidades dos veciños de Oleiros, pero unha sentenza xudicial europea obriga a rediseñar o servizo de transporte público no ano 2019. Para lograr que as novas concesións presten o servizo que precisa a cidadanía, o Concello de Oleiros está a demandar á Xunta de Galicia novas liñas, máis frecuencias e ampliación de horarios.



Os municipios de menos de 50.000 habitantes non dispoñen de competencias en materia de transporte público. A única posibilidade que existe para que os municipios adquiren competencias neste ámbito é a través da Área Metropolitana, pero a constitución deste organismo está a ser boicoteada tanto polo Partido Popular como polo Partido Socialista da cidade da Coruña.

Ante esta situación, e a importancia de atender as necesidades da cidadanía, o Concello de Oleiros está a participar xunto cos demais municipios da comarca na denominada Mesa do Transporte. Neste foro estanse a poñer en común as necesidades dos diferentes concellos para atopar puntos de encontro de cara

á contratación das novas concesións, e xa se acadaron algúns tímidos avances como a entrada dos buses no centro da cidade.

A primeira tenente de alcalde, María José Varela, está a representar ao Concello nestas reunións nas que está a esixir que as novas concesións contemplan o incremento de frecuencias tanto para as localidades de Mera, Dexo e Lorbé, como para Oleiros, Montrove, parte de Perillo e Iñás. Igualmente, tamén está a poñer enriba da mesa a necesidade de ampliar horarios, xa que son moitas as persoas que traballan ata as 22.00 horas e non teñen posibilidade de usar o autobús público.

LIÑA MUNICIPAL ▼

O compromiso do Concello de Oleiros co transporte público vai máis alá das competencias que lle son propias. Así é que desde o ano 2005 está a funcionar unha liña que circula cada hora por Lorbé, Dexo, Serantes, Maianca, Oleiros, Santa Cruz, Iñás, Nós e que chega ata O Burgo. Este servizo ten un custo anual de 200.000 euros para as arcas municipais.



TRANSPORTE ÁS PRAIAS DE OLEIROS ▼

Para reducir os atascos que ocasiona o uso masivo de vehículos privados para vir ás praias de Oleiros, mellorar os problemas de estacionamento, ofrecer un servizo de transporte público a milleiros de cidadáns e incrementar as posibilidades das praias de Oleiros, o Concello propúxolle á Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña, así como ás empresas concesionarias e aos concellos de Culleredo e Cambre a creación dun servizo de transporte público ás praias de Santa Cristina e Bastiagueiro durante a época estival.

Grazas ao entendemento coa Xunta de Galicia, co Concello da Coruña e coa Compañía de Tranvías, a liña de bus urbano 1-A

conectará diversas zonas da cidade coa praia de Santa Cristina. No caso de Culleredo e Cambre, tamén está prevista a creación dunha liña en cada un dos municipios que pasará polas zonas máis poboadas e que chegará ata a praia de Bastiagueiro. Malia contar coa autorización da Xunta e co visto bo dos alcaldes, a empresa Asicasa-Cal Pita cambiou de postura no último momento pretendendo cobrar 75.000 euros aos concellos pola prestación deste servizo, cando inicialmente amosara a súa intención de costear os gastos cos billetes dos usuarios. Estase pendente dun novo acordo entre os tres municipios.



LIÑA DE BUS URBANO DA CORUÑA 1-A ▼ HORARIO: DE 7:30 A 22:00 h



A relixiosa Rebeca Cervantes ofrece unha conferencia no Castelo de Santa Cruz sobre cooperación internacional ▼

Noutra PEL

Cofecemento Solidariedade Compromiso CAMBIO

Rebeca Cervantes
Misioneira Mercedaria de Bériz nos cinco continentes

Testemuño dunha vida dedicada aos demais

Venres 29 de xuño ás 20.00 h no Castelo de Santa Cruz

Concello de Oleiros

◆ O vindeiro venres 29 de xuño, ás 20:00 horas, Rebeca Cervantes falará no salón de actos do Castelo de Santa Cruz sobre as súas vivencias, a solidariedade e a cooperación internacional. Esta relixiosa, misioneira mercedaria de Bériz, percorreu os cinco continentes axudando as persoas máis necesitadas, atravesando situacións do máis adversas tales como conflitos bélicos ou graves catástrofes naturais.

A última destas experiencias foi a erupción do Volcán de Fuego, en Guatemala. Cervantes, ademais de axudar desde o primeiro momento ás vítimas, está a impulsar diversos proxectos para a recuperación das zonas afectadas, dos que falará a na súa conferencia.


O Concello desenvolverá un proxecto de reconstrución de vivendas en Guatemala ▼



◆ Está previsto que o Concello de Oleiros coope-re nun proxecto en Guatemala, onde 114 persoas morreron e 200 están desaparecidas debido á erupción do Volcán de Fuego. Ante os numerosos danos provocados, moitas persoas perderon as súas vivendas.

O proxecto que vai apoiar o Concello de Oleiros, que dirixen as Mercedarias Misioneras de Bériz, consiste na construción de cinco novas vivendas, así como a dotación de diversos elementos para o interior das casas, para familias que o perderon absolutamente todo. A achega económica municipal será de máis de 8.000 euros.

O parque José Martí é recoñecido como un dos cinco mellores de toda Galicia ▼



◆ O parque José Martí, en Perillo, foi elixido polo xornal La Voz de Galicia como un dos cinco mellores de todo Galicia. A súa fermosidade, a variedade de especies arbóreas e vexetais, a súa ordenación, os servizos cos que conta, o seu excelente estado de conservación e a súa proximidade ao paseo e á praia provocou que fose un dos escollidos polo diario coruñés. Este parque público está aberto todos os días de 9:00 a 21:00 horas.

O Concello oferta 11 cursos de formación para persoas en paro

◆ Xa está aberto o prazo de preinscrición para os cursos de formación para persoas en situación de desemprego que se van impartir a partir de outubro nos centros municipais de formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira. As especialidades son as seguintes: cocifa, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións, atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio, instalación de mobles, montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, financiamento de empresa, comunicación en lingua castelá, comunicación en lingua galega, competencia matemática, actividades auxiliares en viveiros e xardíns e instalacións e mantementos de xardíns e zonas verdes.

Máis de 1.400 persoas participan na Romaría das Merendiñas ▼



◆ Os xardíns das Torres de Santa Cruz acolleron unha nova edición desta festa na que as persoas maiores do municipio gozaron dunha xornada de convivencia e diversión. A Romaría das Merendiñas é unha festa única na comarca, na que colaboran desinteresadamente un cento de persoas que atenden e serven a comida a todos os asistentes de maneira moi rápida e eficiente.

As actividades do Plan de Igualdade reiníciáanse en setembro ▼

OBRADOIRO DO CORPO: actividade corporal coa que se procura o benestar integral, na que se revaloriza a identidade de cada muller participante, ademais de fomentar hábitos de vida saudables e favorecer unha maior vida social. A partir do 12 de setembro, na Casa da Cultura de Perillo.

MOVEMENTE: taller de fortalecemento da conexión do corpo e da mente no que se combina o movemento con distintas expresións artísticas. A partir do 10 de setembro, no centro cultural A Fábrica.

LUCES, CÁMARA... ACCIÓN!: obradoiro, dirixido tanto a mulleres como a homes, de exploración das emocións a través da interpretación e a creación dun audiovisual. A partir do 14 de setembro, no centro cultural A Fábrica.

Ademais, está previsto iniciar no mes de outubro un novo obradoiro de Desenvolvemento emocional, cun enfoque máis terapéutico, para aquelas mulleres nunha situación de maior vulnerabilidade.

As persoas interesadas en participar nalgún destes obradoiros poden informarse e coller as follas de inscrición nas oficinas de Servizos Sociais do Concello de Oleiros ou ben a través do teléfono de atención ao veciño 981 610 000.



O Concello oferta obradoiros de disciplina positiva para as familias ▼

◆ Despois do verán realizaranse diversas actividades de disciplina positiva. En setembro haberá unha conferencia para que todas as familias interesadas poidan ter un primeiro contacto con esta metodoloxía. Con posterioridade abrirase un prazo de inscrición para dous obradoiros, un deles dirixido a familias con menores de 0 a 6 anos e outro de 7 a 12 anos.

A disciplina positiva é unha metodoloxía que axuda as nenas e os nenos a sentirse importantes, ensina habilidades para a vida e contribúe a que os menores desenvolvan as súas capacidades e sexan conscientes delas. É unha maneira de educar amable, firme e eficaz a longo prazo.



PARTICIPA!

José Manuel Sánchez gana o Campionato de España de piragüismo



◆ O piragüista oleirense Jose Manuel Sánchez, xunto co seu compañeiro Tono Campos, proclamouse campión da Copa de España de C-2 na distancia de maratón. Esta vitoria outórgalles a clasificación para o Campionato de Europa que se celebrará en Croacia nos vindeiros días. Ademais, foi elixido mellor deportista masculino na Gala do Deporte da Coruña e a súa comarca.

Manu Taibo ocupa a segunda posición no Campionato de España



◆ O flamante campión europeo Manu Taibo, do SCD Rabadeira, ocupou a segunda posición no Campionato de España Infantil de Patinaxe de velocidade en Pamplona. Taibo logrou este extraordinario resultado tras participar nas distancias de 10.000, 5.000, 1.000 e 200 metros.

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

Subscríbete ao **servizo de novas**
▶ do **Concello de Oleiros**

Silvia Lage, campioa de España de judo universitario



◆ A judoka oleirense Silvia Lage fíxose co Campionato de España de Judo universitario en Asturias, na categoría de -63 kg. Lage participou nesta importante competición co equipo da Universidade de Santiago de Compostela, onde está a estudar Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Ademais, recibiu o premio do público na Gala do Deporte da Coruña e a súa comarca.

Uxía Martínez atópase entre as mellores tenistas de toda España



◆ Malia á súa corta idade, a tenista oleirense Uxía Martínez xa se atopa entre as 30 primeiras tenistas da clasificación feminina española. A tenista de Montrove está a colleitar uns resultados magníficos, foi semifinalista no Torneo de Madrid e campioa galega sub-18.

Daniel Rodríguez acada o seu sexto campionato galego de ximnasia artística



◆ O deportista perillán Daniel Rodríguez volveu conquistar o Campionato Galego de Ximnasia Artística, celebrado recentemente no pavillón universitario de Elviña. Ademais, neste 2018 tamén foi campión do prestigioso Torneo Ciudad de Vitoria e nos vindeiros días afrontará o Campionato de España en Guadalajara.

O Club Balonmán Atlántico proclámase subcampión galego



◆ O equipo alevín do Club Balonmán Atlántico logrou o subchampionato galego despois de completar unha inmemorable tempada, na que tamén obtiveron o título de campións da provincia da Coruña. Un gran logro para un club de recente creación que xa ten varios xogadores que son convocados habitualmente pola selección coruñesa.

O Acuático Oleiros repite como mellor club galego de base da tempada



◆ Os numerosos triunfos acadados polas nadadoras do Club Acuático Oleiros posibilitaron que a entidade se convertese, por segundo ano consecutivo, no mellor club galego de base da tempada 2017-2018. No Campionato Galego de Natación Artística, que se divide en tres xornadas, o Acuático conseguiu dúas medallas en categoría individual e cinco por equipos.

As traíñeiras de Oleiros brillan no inicio da Liga Galega



◆ Na primeira regata puntuable da Liga Galega de Traíñeiras, celebrada na localidade de Baiona, as tripulacións oleirenses colleitaron uns resultados espectaculares. O Centro Deportivo Mariñeiro de Mera, que debutaba na máxima categoría, finalizou en cuarta posición a escasos segundos da terceira praza. Na división B, o Club de Regatas Perillo foi terceiro e xa ocupa as prazas que lle permitirán participar no play-off de ascenso. A traíñeira feminina de Perillo tan só foi superada polos equipos de Riveira e Cabo de Cruz e tamén rematou terceira.

AXENDA DEPORTIVA



■ VII Bandeira Salgado Conxelados-IV Bandeira Concello de Oleiros

- **Data:** domingo 22 de xullo, ás 11:30 h
- **Lugar:** Praia de Santa Cristina

O Club de Regatas de Perillo organiza dúas regatas de traíñeiras, unha masculina e outra feminina, que forman parte do calendario oficial da Liga Galega. O Concello subvenciona estas probas con 3.900 euros.



■ XXI Trofeo Concello de Oleiros de patinaxe de velocidade

- **Data:** sábado 28 de xullo, ás 16:00 h
- **Lugar:** polígono de Iñás

Máis de 200 patinadores procedentes de Portugal e de diversas partes de España participan nesta carreira que se desenvolve sobre asfalto.



■ XLVIII Trofeo Concello de Oleiros de fútbol

- **Data:** fins de semana de xullo e agosto

Todos os equipos de fútbol modesto do municipio enfróntanse durante o verán nesta competición para a que o Concello de Oleiros destina 10.000 euros en premios para os clubs participantes. A final celebrarase o 25 de agosto.

Vinte mozos e mozas participarán nun intercambio cultural co municipio italiano de Buccino ▼

◆ Entre os días 15 e 21 de agosto, un total de 20 mozos e mozas de Oleiros de entre 18 e 30 anos viaxarán á Comuna de Buccino, no sur de Italia, para participar na primeira parte dun intercambio cultural que continuará o vindeiro ano aquí en Oleiros. A realización desta actividade, que sufraga en parte o Concello, é unha das peticións formuladas polos rapaces que participaron no proxecto "Xeración A Fábrica".

Ademais da experiencia e do intercambio cultural, social e lingüístico, as persoas participantes deberán elaborar un documental sobre a súa estancia en Italia, para o que terán que asistir previamente a un curso formativo.

Este non será o primeiro intercambio xuvenil entre Oleiros e Buccino. Noutras dúas ocasións anteriores xa se realizou esta iniciativa coa que se pretende fomentar a convivencia e o encontro entre a mocidade destes dous municipios.



Alumnado, profesorado, pais e nais celebran o 25 aniversario do IES María Casares o día 30 de xuño



◆ O IES María Casares de Oleiros, en colaboración coa Asociación de ex-Alumnos do centro e a Asociación de nais e pais celebrará o seu XXV aniversario o vindeiro 30 de xuño. O instituto abrirá as súas portas ás 10:00 horas e acollerá diversas actividades ao longo de todo o día. O acto central terá lugar ás 12:00 horas e contará coa intervención de antigos directores do centro, de antigos alumnos e alumnas e do alcalde.

A Escola Municipal de Teatro inicia en setembro o seu primeiro curso ▶

A Escola Municipal de Teatro comezará a súa actividade con máis de 200 alumnos e alumnas, que formarán diferentes grupos en función do nivel de cada persoa. O profesorado, con titulación neste ámbito e cunha ampla experiencia docente, ofrecerá unha formación integral, global e práctica. As clases desenvolveranse no Centro Municipal de Artes Escénicas, na avenida Valle Inclán, no edificio no que tamén ten a súa sede a Escola Municipal de Danza.



O Festival Basticore celébrase o sábado 28 de xullo ▼

BASTICORE 2018

WASTED WILTONS
MEDALLA · KLÜTE
SUPER BUSTY SAMURAI MONKEY
DREI AFFEN · MILGRAM
PLAYA DESMAYO
SCHWARZENEGGER
GRIMA · TYRNAYA
SAD DAMN HO\$SE LEAN

sábado 28/07/2018 15:00 - 02:00
 Skatepark Bastiagueiro Oleiros (A Coruña)
 Entrada gratuita Concertos e Skateboard

Ruido Gráfico Concello de Oleiros 16 VALVA sara garcía

◆ O aparcadoiro da pista de skate de Bastiagueiro acolle o vindeiro sábado 28 de xullo, a partir das 15:00 horas, unha nova edición do Festival Basticore, que organiza a Asociación Ruido Branco en colaboración co Concello. A partir das 15:00 horas comezarán as actuacións musicais que amenizarán a tradicional exhibición e concurso de monopatín. Os grupos Medalla, Drei Affen, Schwarzenegger, Wasted Wiltons, Super Busty Samurai Monkey, Tyrnaya, Klüte, Milgram, Grima, Sad damn hosse lean y Playa Desmayo, marcarán o ritmo durante toda a xornada.

A Escola Municipal de Música destaca nas súas actuacións de fin de curso ▼



◆ O auditorio Gabriel García Márquez acolleu os festivais de fin de curso da Escola Municipal de Música. Os máis cativos e cativas da escola, que forman parte dos grupos de Música e Movemento, realizaron unha adaptación á música do conto *Mar adiante*, de María Victoria Moreno. A Banda, a Orquestra, a Big Band e os coros tamén ofreceron un espectáculo de primeiro nivel como colofón ao curso 2017-2018, cunha última actuación espectacular no parque José Martí.


Dous oleirenses reciben o premio Martín Códax



◆ Xosé Lois Romero, veciño de Mera, e Brais Morán, veciño de Perillo, recibiron o premio galego da Música Martín Códax. Romero, por terceira ocasión na categoría de folk e música tradicional, e Morán, en músicas do mundo polo seu último disco *No Mato do Desespero*, recibiron o galardón máis importante da música galega. O director da Big Band da Escola Municipal de Música, Quique Alvarado, tamén recibiu o Premio Honorífico Músicos ao Vivo dos Martín Códax 2018.

O Amanexo e Santaia triunfan nos certames de música e baile tradicional Xacarandaina ▼

◆ As cantareiras Baralocas da Asociación Cultural O Amanexo de Dexo obtiveron o primeiro premio no XXIX Concurso de Música Tradicional Xacarandaina, na categoría D. Pola súa parte, o Grupo de Baile e Gaitas Santaia de Santa Cruz recibiu o segundo premio na categoría C no XXXVIII Concurso de baile tradicional Xacarandaina, no que Paula Barral Pose foi elixida mellor bailadora.



Un enxeñeiro oleirense publica un artigo nunha prestixiosa revista americana ▼

◆ O enxeñeiro de telecomunicacións oleirense Iago Rodríguez-Quintana Sández publicou un artigo na prestixiosa revista americana *The American Mathematical Monthly*, que conta cunha grande repercusión internacional neste sector. Ademais da súa formación académica, Iago é experto en ciencia, matemáticas e astronomía.

Santa Cristina, Santa Cruz e Mera acollerán o II Festival de Artes Escénicas na Rúa do 13 ao 15 de xullo ▼

◆ Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do municipio servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música electrónica, circo, danza contemporánea, teatro... A segunda edición de Rúa Ext-cénica transformará as rúas de Oleiros en escenarios propicios para provocar a interacción social co público no marco dun ambiente festivo.

PROGRAMACIÓN:

▶ VENRES 13 DE XULLO

• *Plato, platito, platete.*

Praza Esther Pita, ás 20:00 horas.

Javi Javichy realiza un espectáculo de clown e malabares cheo de emoción.

• *Muum máis danza.*

Praza do Castelo, ás 21:30 horas.

O dúo *Muum* mestura percusión, guitarra, electrónica e voces con danza.

▶ SÁBADO 14 DE XULLO

• *Contiguo.*

Praza Esther Pita, ás 12:30 horas.

A Compañía *IO* realizará un espectáculo único no que se xunta acrobacia, música e danza.

• *MounQup + IGMIG.*

Praza do Castelo, ás 21:00 horas.

MounQup ofrece un universo musical onde as bases electrónicas mestúranse con multitude de voces, tanto suaves como potentes.

▶ DOMINGO 15 DE XULLO

• *Ricki, el profesor de tenis.*

Miradoiro de Santa Ana, ás 12:30 horas.

A Compañía *La Mano Jueves* presenta o seu espectáculo de circo e clown sobre un afamado deportista de elite.

• *Agua, Nexos e Impermeable.*

Parque José Martí, ás 21:00 horas.

As compañías *Senpü*, *Exire* e *Elahood* traen ás rúas de Oleiros os seus espectáculos artísticos de danza contemporánea.



RÚA EXT-CÉNICA
II Festival de artes escénicas na Rúa
Oleiros, do 13 ao 15 de xullo de 2018

Venres 13 de xullo
 ás 20.00 horas: JAVI JAVICHY
Plato, platito, platete (malabares/clown)
 Praza Esther Pita (Santa Cruz)
 ás 21.30 horas: MUUM
MUUM máis Danza (danza/música)
 Praza do Castelo (Santa Cruz)

Sábado 14 de xullo
 ás 12.30 horas: COMPAÑÍA IO
Contiguo (acrobacia/corda lisa/roda Cyr/danza)
 Praza Esther Pita (Santa Cruz)
 ás 21.00 horas: MounQup + IGMIG
MounQup (música electrónica-jazz-pospunk-rock progresivo)
 Praza do Castelo (Santa Cruz)

Domingo 15 de xullo
 ás 12.30 horas: CIA. LA MANO JUEVES
Ricki, el profesor de tenis (circo/clown)
 Miradoiro de Santa Ana (Mera)
 ás 21.00 horas: SENPÜ/"Agua"+ EXIRE/"Nexos"+ ELAHOOD/"Impermeable"
Impermeable (danza contemporánea)
 Parque José Martí (Santa Cristina)

Deputación DA CORUÑA
 Concello de Oleiros
 Concelaría de Cultura e Normalización Lingüística

FESTAS PATRONAIS

- ▶ **Festas do Mar, Mera** • 20, 21 e 22 de xullo
- ▶ **Festas de Santa Ana, Mera** • 25, 26, 27 e 28 de xullo
- ▶ **Festas de Lorbé** • 3, 4 e 5 de agosto
- ▶ **Festas de Santa Cruz** • 24, 26, 26, 27 e 28 de agosto
- ▶ **Festas de Oleiros** • 11, 12, 13, 14, 15 e 16 de agosto
- ▶ **Festas de Iñás** • 24, 25 e 26 de agosto
- ▶ **Festas de Perillo** • 31 de agosto, 1 e 2 de setembro
- ▶ **Romaría de San Cosme, Maianca** • 29 de setembro



Alfaroleiros, a tradición que non devoran as modas

◆ O horario de exposición e venda será de 10:00 a 22:30 horas. Ademais, o alumnado do obradoiro municipal de olería tamén expoñerá durante a mostra os seus mellores traballos.

Agárdase que un ano máis sexan centos as persoas que visiten Santa Cruz e outras localidades do municipio con motivo desta feira, que ademais da olería ofrece unha ampla programación de actividades culturais e de ocio, dirixidas a todos os públicos, que supoñen un importante reclamo.

■ O parque Luis Seoane de Santa Cruz acollerá, entre os días 1 e 5 de agosto, a XXIV edición de Alfaroleiros. A feira de olería máis importante de toda España, tal e como a cualifican os profesionais do sector, concentrará un ano máis os mellores oleiros tradicionais da Península Ibérica que destacan por ser únicos nas súas respectivas zonas de procedencia e pola calidade e pureza dos seus traballos.



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

• Mércores 1 de agosto

22:15 Proxección da película *La, La, Land: la ciudad de las estrellas*

• Xoves 2 de agosto

20:30 Concerto da Banda Orquestra Sinfónica do Concello de Oleiros

22:15 Proxección da película *Canta!*

• Venres 3 de agosto

20:30 Espectáculo de novo circo e acrobacia de *Máis alto aínda*

22:15 Proxección da película *Coco*

• Sábado 4 de agosto

21:30 Concerto de *Saint Luc Benabakinton*

22:30 Concerto de *Los Mecánicos*

• Domingo 5 de agosto

21:15 Concerto de *Garufa Blue Devils Big Band*



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Vaia casa!

Din os carteis luminosos que somos singulares. E a verdade é que non lles falta razón. En que municipio existe unha casa, en primeira liña dunha das mellores praias de España, cunha finca moi ampla, a disposición de todos os veciños? Eu non teño coñecemento de ningún outro caso e, se os hai seguro que poden contarse cos dedos dunha man.

Pois ben, por primeira vez hai uns días, eu e a miña familia gozamos deste marabilloso lugar que temos todos os oleirenses. Xuntámonos familia e amigos para celebrar o terceiro aniversario da miña filla e quedamos todos encantados. A finca, a praia, o entorno, a casa, o churrasco, ... Mellor imposible. Foi un día precioso.

Estou seguro que con outro alcalde esta finca seguiría en mans privadas, ou no mellor dos casos sería o chiringuito de verán do que se lucraría algunha persoa determinada. Polo que quería darlles as grazas ao Concello de Oleiros por poñer á disposición de todos os veciños este marabilla de casa. Vaia luxo!

Antonio Domínguez - Santa Cruz

Pescados polas redes

Nin son sardiñas, nin calamares. Navegan moito, pero sen rumbo. Pensan que son libres, pero están fortemente amarrados. As redes virtuais os teñen capturados. Nalgúns casos, o problema é moi grave e existe unha adicción e unha dependencia total.

O invento foi creado para controlarnos. Estas plataformas teñen moitísima información sobre cada un de nós. Eses datos son ouro para eles e para as empresas e institucións que puxan por facerse con todos eles.

Os usuarios destas redes, inconscientemente, renuncian á súa privacidade e á súa intimidade. Amosan todo o que fan e, en moitas casos tamén, demostran a súa ignorancia con comentarios totalmente ridículos. Son moitos os "catedráticos" que falan de todo sen saber de nada.

Deberíamos pensar antes de actuar. Merece a pena subir unha foto da miña vida íntima a unha rede social? O dereito á intimidade está recollida na Constitución española. Se non queremos seguir camiñando cara atrás deberíamos comezar a cambiar algúns

dos nosos comportamentos cotiás.

Antonio García Moreno - Nós

Partido Popular: condenado

Unha organización mafiosa dirixiu este país durante un montón de anos. O seu único fin era o lucro persoal dos seus dirixentes. Para elo artellaron unha estratexia política que lles posibilitou o acceso ás administracións públicas, para poder saquealas desde dentro.

Tamén tomaron o control dos mecanismos do Estado, para roubar todo o posible aos cidadáns sen trabas de ningún tipo. E mesmo chegaron a provocar a morte de determinadas persoas en momentos claves das investigacións xudiciais. Unha vez pode ser casualidade, varias non.

A sentenza da Gurtel é clara. Pero ollo, houbo moitas máis e aínda lles quedan casos moi graves pendentos de resolución. Con todas estas condenas, inexplicablemente, segue sen ilegalizarse este partido político. Como un suposto Estado de dereito pode permitir o roubo masivo e continuado por parte desta xente? Está claro que algo falla.

O máis grave de todo é que aí seguen, co apoio de millóns de españois. Resulta difícil de comprender.

Carlos Martínez Rodríguez - Dexo

Sempre á vangarda

Oleiros é un Concello gobernado pola Alternativa dos Veciños, un grupo que extrema as tendencias ideolóxicas e políticas dun movemento e adiantase as que despois irán adaptándose.

Ante a inacción do ex alcalde da Coruña, Paco Vázquez, que presidiu (é un dicir) a primeira e obsoleta Área Metropolitana, o alcalde de Oleiros, vendo que as axudas da Comunidade Económica Europea (CEE) se esfumaban, promoveu a creación do Consorcio das Mariñas, aló polo ano 2000, para prestar un servizo global e coordinado en medio ambiente, servizos sociais e outros proxectos: plans de dinamización turística e cultura. Gracias a elo conseguíronse recursos para poñer a andar o servizo de recollida de lixo unificado na comarca.

Por cambios legais e novas normativas, iníciase un proceso de creación da Área Metropolitana da Coruña onde o Consorcio pasará a integrarse. Pero todo empeza a enmerdarse pola

escisión de Arteixo que, seguindo consignas do PP, decide unilateralmente marchar do ente alegando un aforro económico na xestión que nin el cre; mismamente é unha tapadeira para atender prebendas e estranos favores. Posiblemente o anuncio do esparcemento da súa área de influencia de Alternativa dos Veciños cara outros concellos, para os vindeiros comicios municipais, influíu para meterlles o medo no corpo e poñerse á defensiva coa perda das boas formas por zancadillas e negativas.

Ao berro de 'ao inimigo nin auga', agora, florece algún que outro alcalde 'afeccionado', en busca de protagonismo e minutos de gloria, que cuestionan calquera proposta ou iniciativa de Oleiros poñendo atrancos ou revirando o fuciño cando se lles facilita a posibilidade de conseguir unha liña de autobuses que achegue os seus veciños ás praias oleirenses.

A loita pola mellora dos accesos á Coruña para unha mellor fluidez viaria desde fai case 20 anos, a pelexa para a extinción dos 'plumachos', a erradicación da avespa velutina, a permanente reivindicación do saneamento da ría do Pasaxe-O Burgo, etc... fan do noso Concello unha referente vangardista froito da xestión e interese global de arranxar os problemas ante o pasotismo da Xunta e do Estado que son os entes competentes que tiñan que arranxalos.

J.L.P.R.

Montrove - Liáns

Espírito de loita

Vivimos nunha sociedade acomodada. Sen levantarnos do sillón temos todo a golpe de teléfono. Comida, roupa, amor, amigos, ... A vida é moi fácil, aparentemente.

Mais non debemos caer en conformismos nin pasotismos. Temos que ter ilusións, ganas de vivir, retos que superar. Hai que levantarse cada día con ganas de loitar, de cumprir soños e de defender aquelas causas que consideramos xustas.

É responsabilidade de todos procurar unha sociedade mellor. Fomentemos o espírito crítico e sumemos todo o que poidamos no noso día a día para conseguir ese mundo no que nos gustaría vivir. Non debemos rendernos nunca. Ata a vitoria sempre!

L.G.T. - Mera

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	28 xuño / 27 xullo / 26 agosto
Mingua	6 xullo / 4 agosto / 3 setembro
Nova	13 xullo / 11 agosto / 9 setembro
Medra	19 xullo / 18 agosto / 17 setembro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



36.115 habitantes empadroados/as!

Ata o 22 de xuño, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.377
DORNEDA (San Martiño)	3.468
IÑÁS (San Xurxo)	1.233
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.548
MAIANCA (San Cosme)	1.475
NÓS (San Pedro)	4.741
OLEIROS (Santa María)	3.106
PERILLO (Santa Leocadia)	8.599
SERANTES (San Xulián)	1.568
TOTAL	36.115

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 29 de xuño ao 5 de xullo Do 14 ao 20 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 6 ao 12 de xullo Do 21 ao 27 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 13 ao 19 de xullo Do 28 de setembro ao 4 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 20 ao 26 de xullo Do 5 ao 11 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 27 de xullo ao 2 de agosto Do 12 ao 18 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 3 ao 9 de agosto Do 19 ao 25 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 10 ao 16 de agosto Do 26 de outubro ao 1 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 17 ao 23 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 24 ao 30 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 31 de agosto ao 6 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 7 ao 13 de setembro

Finaliza a consolidación urbana de Perillo coa urbanización da Corredoira das Viñas

• *A Orquestra Os Satélites e Pucho Boedo dan nome ás novas rúas*



◆ Remataron os traballos de urbanización da Corredoira das Viñas, no centro de Perillo. Neste ámbito, dotado de todos os servizos públicos necesarios para o desenvolvemento urbanístico, créanse dúas novas rúas que levan o nome do cantante Pucho Boedo, en recoñecemento a unha das mellores voces da historia de Galicia, e da Orquestra Os Satélites, como homenaxe ao seu fundador Lolito, veciño de Perillo. Ademais, habilitáronse 2.400 metros de zona verde cun novo parque infantil. Tamén está prevista a construción de vivendas que se destinarán ao aluguer protexido.



Decenas de persoas participaron no acto de inauguración desta urbanización, que consolida definitivamente o centro urbano de Perillo

